<p>básicos.</p> <p>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <p>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes relevantes).</p> <p>– Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente.</p> <p>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa</p>	<p>interrompan a comunicación.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou doutras linguas; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet.</p> <p>B5.3. Utilizar, para a comprensión e a produción de textos orais e escritos, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais ou nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender e expresar adecuadamente información e ideas presentes nos textos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de xeito claro, amplía-la con exemplos ou resumila.</p> <p>B5.7. Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os</p>	<p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta. CCL CCEC CSC CAA</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. CCL CCEC CSC CAA</p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. CCL CCEC CSC CAA</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia. CCL CCSC CAA</p>	<p>seu nivel.</p> <p>-Coñece as convencións da lingua estranxeira estudadas ao longo da secundaria.</p> <p>-Aprecia e valora o coñecemento de linguas e culturas estranxeiras intentando facer uso dos seus coñecementos.</p> <p>. Obtén a metade da puntuación nas preguntas de léxico do exame.</p> <p>. Obtén a metade da puntuación nas preguntas de</p>	<p>. Lecturas,</p> <p>. Visionado de vídeos,</p> <p>. escoita activa,</p> <p>. Conversas na clase.</p> <p>. Probas escritas.</p>
--	--	--	--	--

<p>integrada.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. – Recurso aos coñecementos e ás experiencias lingüísticas noutras linguas que coñece (patróns discursivos para a organización e ampliación ou reestruturación da información; elementos adecuados de coherencia e de cohesión textual para organizar o discurso, facer progresar o tema, etc.). <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. – Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. – Expresión do coñecemento, o descoñecemento-to e a certeza. – Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios. – Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Vida cotiá: alimentación ; familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde; educación; compras e actividades comerciais; bens e servizos básicos; contorno 	<p>estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.</p>		<p>gramática do exame.</p>
--	---	--	----------------------------

<p>(clima, campo, cidade e lugares máis representativos); tecnoloxía (aparells de uso cotián), e calquera outro que se considere de interese. – Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.</p> <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>				
--	--	--	--	--

CONTIDOS DIDÁCTICO-DISCURSIVOS TEMPORIZADOS POR AVALIACIÓNS

1ª AVALIACIÓN

Unidade 5: Que d'émotions !

BLOQUE 1 E 2

Expresar emocións e sentimentos.

Compadecerse de alguén, consolarlle e animarlle.

Patróns sonoros, acentuales, rítmicos e de entoación - Relación son / grafía

Patróns sonoros?

As vogais nasais.

Son / Grafía

Transcrición dos sons nos que se centra a unidade.

Comprensión de textos orais:

Comprender as respostas de 3 persoas entrevistadas sobre calidades e defectos da xente: comprensión global e fina.

Comprender globalmente a letra de cancións, apreciar as correspondencias letra/música/ritmo?

Produción de textos orais: expresión e interacción

Expresar a súa propia opinión sobre calidades e defectos da xente.

Contar unha experiencia persoal de alegría ou felicidade.

Tarefa final: redactar unha mensaxe de petición de axuda ante un problema persoal.

Interacción

Xogos de rol:

Animar a un(a) amigo(a) que está deprimido(a).

Telefonar a un(a) amigo(a) para pedirlle perdón por un momento de intransixencia.

Contar a un(a) compañeiro(a) unha experiencia persoal de medo, comentar.

Falar da súa familia e comparar cos compañeiros.

Entrevistar aos compañeiros / Contestar a preguntas sobre a arte de gozar da vida.

BLOQUE 3 E 4

Comprensión:

Identificar nun texto as estruturas e formulacións que serven para determinados actos de fala.

Produción:

Como expresar sentimentos.

Como co-avalar as producións de grupo.

Comprensión de textos escritos

Comprender un extracto literario: información principal e detalles.

Comprender letras de cancións, apreciando as características de estilo.

Tarefa final: comprender mensaxes nun blog de axuda psicolóxica.

Produción de textos escritos:

Relatar unha experiencia persoal de malentendido causado por diferenzas culturais.

BLOQUE 5

Subxuntivo presente.

A comparación (repaso).

Léxico:

Emocións.

Defectos e virtudes.

O amor.

Aspectos culturais e sociolingüísticos:

Representantes da canción francesa, de hoxe e de onte.

Adoptar criterios obxectivos para avalar as producións dos compañeiros.

Unidade 6: Côté cuisine

BLOQUE 1 E 2

Facer apreciacións.

Dar a súa opinión.

Manifestar sorpresa, estrañeza.

Dicir que se comparte unha opinión, pero con matices.

Patróns sonoros.

As nasais [an] e [ein]/o n sonoro en [ɛn].

Son/grafía.

Paso do oral ao escrito e viceversa.

Comprender unha entrevista relativamente longa (comida en Suíza): informacións principais e algúns detalles.

Falar dos seus gustos e preferencias en materia culinaria, do seu perfil de gastrónomo.

Nunha comida entre amigos, comentar os pratos.

Comentar entre amigos os costumes de cada un cando se fai a compra para preparar unha comida.

Xogo de rol (3 persoas): nun programa radiofónico sobre alimentación, o animador recibe a un especialista en nutrición que contesta as preguntas dun auditor.

BLOQUE 3 E 4

Facer apreciacións.

Dar a súa opinión.

Manifestar sorpresa, estrañeza.

Dicir que se comparte unha opinión, pero con matices.

Identificar nun texto as estruturas e formulacións que serven para determinados actos de fala.

Como utilizar un dicionario bilingüe.

Comprender un artigo xornalístico, relativamente extenso, sobre a alimentación do futuro: informacións principais e algúns detalles, a pesar da riqueza do léxico.

BLOQUE 5

Formas interrogativas (repaso).

Pronomes interrogativos.

Pronomes demostrativos.

Léxico: Cociña.

Pratos, receitas.

Aspectos culturais e sociolingüísticos:

Importancia da comida en Francia na vida cotiá.

Tradicións: consumo de certos alimentos, guías gastronómicas.

Costumes culinarios en Suíza.

2ª AVALIACIÓN

Unidade 7: SOS planète !

BLOQUE 1 E 2

Expresar o seu acordo ou desacordo.

Propor algo.

Xustificar unha opinión.

Organizar o seu discurso.

Patróns sonoros:

Os grupos consonánticos.

Comprensión:

Identificar nun texto as estruturas e formulacións que serven para determinados actos de fala.

Produción:

Claves para facer unha presentación.

Comprensión de textos orais:

Comprender un texto expositivo: comprensión global.

Produción de textos orais: expresión e interacción:

Dar a súa opinión sobre un tema tratado nunha exposición oral.

Facer unha exposición oral sobre o tema do medio ambiente.

Tarefa final: expor un tema/unha proposta que formará parte dunha xornada monográfica sobre medio ambiente.

Intercambiar opinións e consellos cun amigo/compañeiro para adoptar unha alimentación máis sa.

Debater, coa axuda dun moderador sobre como salvagardar o benestar do planeta e da humanidade.

Tarefa final: negociar para elixir temas e repartir tarefas.

BLOQUE 3 E 4

Expresar o seu acordo ou desacordo.
Propor algo.
Xustificar unha opinión.
Organizar o seu discurso.

Comprensión de textos escritos:

Comprender un artigo de revista sobre medio ambiente: comprensión global e comprensión fina.

Produción de textos escritos:

Escribir un artigo xornalístico breve sobre un tema relacionado co medio ambiente.

Tomar apuntamentos para fixar informacións colleitadas e ir preparando unha presentación oral estruturada.

BLOQUE 5

Estruturas sintácticas:

A causa.

A consecuencia.

A finalidade.

Léxico:

A ancorana do tempo pasado.

O progreso.

Paisaxes e ecoloxía.

Aspectos culturais e sociolingüísticos:

Escritores e personaxes públicos e conciencia ecolóxica.

Iniciativas políticas ecolóxicas.

A enerxía nuclear en Francia.

Unidade 8: Innovons !

BLOQUE 1 E 2

Funcións comunicativas:

Formular desexos.

Dar consellos e facer suxestións.

Facer hipóteses.

Encomiar as calidades dun produto.

Queixarse e presentar unha reclamación.

Pedir desculpas, xustificarse.

Interromper a alguén.

Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación - Relación son/grafía :

As semivogais.

Transcrición dos sons en que se centra a unidade.

Estratexias de aprendizaxe (comprensión e/ou produción):

Identificar nun texto as estruturas e formulacións que serven para determinados actos de fala.

Comprensión de textos orais:

Comprender unha conversación relativamente longa: queixa dun cliente nun hotel: comprensión das informacións principais.

Produción de textos orais: expresión e interacción:

Dar a súa opinión sobre a reacción dun cliente que se queixa nun hotel. Imaxinar como terminará a historia.

Dar a súa opinión sobre as redes sociais e dicir que uso se fai das mesmas.

Tarefa final: facer unha presentación oral dun proxecto.

Xogos de rol:

- Unha señora quéixase nun hotel por un mal servizo.

- Un cliente acode ao servizo pos venda para facer unha reclamación.

Describir a un amigo/compañeiro un electrodoméstico que se acaba de comprar (funcionalidades, vantaxes...).

Xogar ao portrait chinois (adiviñas sobre persoas ou cousas).

Tarefa final: negociar para elixir temas e repartir tarefas.

BLOQUE 3 E 4

Funcións comunicativas:

Formular desexos.

Dar consellos e facer suxestións.

Facer hipóteses.

Encomiar as calidades dun produto.

Queixarse e presentar unha reclamación.

Pedir desculpas, xustificarse.

Interromper a alguén.

Comprensión de textos escritos:

Comprender un artigo expositivo (revista) de certa extensión e bastante rico desde o punto das ideas e do léxico: ideas principais.

Produción de textos escritos:

Contestar á enquisa de satisfacción dun hotel.

Tarefa final: para presentarse a un concurso de innovación, redactar a ficha técnica do obxecto inventado, as instrucións de uso, o argumentaría publicitario. Tamén redactar apuntamentos, que poderán ser consultados durante a presentación oral do proxecto.

BLOQUE 5

Estruturas sintácticas:

Condición presente.

A condición.

A hipótese.

Léxico:

Folletos con instrucións.

As (novas) tecnoloxías.
Compras e servizo pos venda.

Aspectos culturais e sociolingüísticos:
O concurso Lépine de innovación

3ª AVALIACIÓN

Unidade 9: Au travail !

BLOQUE 1 E 2

Funcións comunicativas:
Facer cumpridos.
Darlle as grazas a alguén.
Expresar alegría, satisfacción.
Enunciar unha norma social.
Lembrarlle algo a alguén.

Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación - Relación
son/grafía :

Liaisons e ligazóns fonéticas.

A partir da percepción do fenómeno e da súa importancia na cadea da fala. Aplicación das regras na lectura en voz alta.

Comprensión de textos orais:

Comprender unha entrevista radiofónica: informacións principais e detalles.

Produción de textos orais: expresión e interacción:

Presentar a súa profesión ou os estudos que se están cursando.

Xogos de rol:

- Conversación telefónica cun amigo que acaba de atopar traballo.
- Axudar a un amigo a prepararse para unha entrevista de traballo.

Tarefa final: comentar experiencias profesionais en pequenos grupos; no grupo-clase, presentar e comentar, e sacar conclusións xerais.

BLOQUE 3 E 4

Funcións comunicativas:
Facer cumpridos.
Darlle as grazas a alguén.
Expresar alegría, satisfacción.
Enunciar unha norma social.
Lembrarlle algo a alguén.

Comprensión de textos escritos

Comprender un anuncio de oferta de traballo e as regras de ouro para redactar unha carta de motivación. Comprender a carta que envía unha persoa que postula e analízala en función dos criterios antes mencionados.

Tarefa final: comprender a iniciativa dunha socióloga e xornalista de investigación que lanza unha enquisa nun blog para solicitar testemuños de profesionais.

Producción de textos escritos:

En relación con dúas ofertas de emprego, redactar unha carta de motivación.

BLOQUE 5

Estruturas sintácticas:

O tempo e a duración.

A dobre pronominalización

Léxico:

Traballo.

Profesións. A empresa.

Aspectos culturais e sociolingüísticos:

Novas tendencias profesionais en Francia.

Unidade 10: Culture

BLOQUE 1 E 2

Funcións comunicativas:

Dar unha opinión.

Resaltar unha idea.

Expresar gustos e preferencias.

Falar de hábitos.

Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación - Relación son/grafía :

Prosodia.

Estratexias de aprendizaxe (comprensión e/ou produción):

Identificar nun texto as estruturas e formulacións que serven para determinados actos de fala.

Como avaliar unha produción oral.

Comprensión de textos orais:

Comprender minientrevistas realizadas a pé de rúa sobre preferencias culturais.

Comprender un poema gravado e valorar a expresividade da prosodia.

Producción de textos orais: expresión e interacción:

Explicar unha tradición cultural emblemática do seu país.

Debater sobre diversos temas relacionados coa cultura (cinema en VO, prezo de entradas, pirataría...).

Negociar entre dous para elixir un programa de televisión.

Comentar as súas últimas actividades culturais (entre dúas).

Tarefa final:

- Para preparar o programa cultural dunha radio rexional, debater dentro do grupo para elixir temas, formatos; repartir os apartados do programa e designar un ou varios presentadores.
- Elaborar as diferentes seccións radiofónicas.
- Representar o programa.

BLOQUE 3 E 4

Funcións comunicativas:

Dar unha opinión.

Resaltar unha idea.

Chamar a atención sobre algo.

Expresar gustos e preferencias

Comprensión de textos escritos:

Comprender uns pequenos textos para poder contestar as preguntas dun quiz cultural.

Comprender un artigo sacado dunha revista especializada (cinema): informacións principais e algúns detalles.

Produción de textos escritos:

Facer o retrato dun artista a que se admira.

BLOQUE 5

Estruturas sintácticas:

Adxectivos e pronomes indefinidos.

Estilo indirecto.

Léxico:

Literatura.

Música.

Aspectos culturais e sociolingüísticos:

Tendencias culturais en Francia. Representantes do mundo da música, do cinema, teatro... Festivais importantes en Francia (teatro en Avignon, música, BD en Angoulême, cinema en Cannes...).

1.4. Concrecións metodolóxicas

A nosa metodoloxía está estreitamente relacionada con dous documentos promovidos polo Consello de Europa dentro do seu proxecto xeral de unificación de políticas lingüísticas: o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación (MCER, 1991) e a súa aplicación práctica o Cartafol Europeo das Linguas (CEL, 2004).

A metodoloxía empregada basease na consecución das competencias comunicativas a partir dunha especial atención a diversidade. Así plantexase a ensinanza e a aprendizaxe do Francés dende a interdependencia da cultura e da lingua. Esta dobre vertente queda reflectida nos seguintes obxectivos da nosa metodoloxía:

-Motiva os alumnos mediante o descubrimento da cultura e da civilización francesa.

-Proporcionarlles unhas bases lingüísticas mediante unha aprendizaxe progresiva, repasos sistemáticos e numerosos exercicios de posta en práctica..

Para iso partimos dunha práctica integrada dos cinco bloques co fin de chegar a unha competencia comunicativa equilibrada e real.

As actividades propostas baséanse fundamentalmente na creatividade e a iniciativa por parte dos alumnos, sobre todo nas actividades de expresión, para as que utilizamos documentos escritos, soportes visuais, auditivos e dixitais (que serviran de base o labor que o alumno deberá realizar), simulacións e xogos diversos, con obxectivos variados (léxicos, gramaticais ou comunicativos).

En todo este proceso o profesor exerce o papel do guía que pon en contacto os coñecementos e as experiencias previas do alumno cos novos contidos. Os alumnos ocupan unha posición central no proceso de ensino-aprendizaxe, o que conduce á necesidade de traballar estratexias que os leven a ser autónomos e a aprender a aprender.

Na Educación Secundaria Obrigatoria formula como obxectivo principal a adquisición dunha competencia comunicativa en todas as súas vertentes: gramatical, discursiva, sociolingüística, estratéxica e sociocultural.

Para acadar este principio, articula os contidos en catro bloques:

1. Comprensión oral e escrita

a) Comprensión oral:

Diversas estratexias favorecen a práctica da comprensión oral: soportes visuais e sonoros que facilitan a comprensión, filtros que depuran a cantidade de palabras descoñecidas, rentabilización da situación de clase e as indicacións do profesor, aproximación global á comprensión na que a lóxica e o sentido común tamén son importantes, apoio da lingua materna, selección de temas próximos aos intereses dos alumnos, etc.

A comprensión oral compróbase mediante exercicios diversos: discriminación auditiva, verdadeiro/falso, elección múltiple, tests de avaliación específicos, etc.

b) Comprensión escrita:

Na práctica da comprensión escrita, o obxectivo principal é preparar e facilitar ao máximo o acceso á lingua escrita. Algúns dos procedementos utilizados son: facer recoñecer o oral no escrito, ler textos que retoman baixo unha nova forma os contidos xa traballados (cómic, por exemplo), ler textos breves con léxico descoñecido nos cales haxa que buscar unha información precisa coa axuda de preguntas orientativas, familiarizarse cos enunciados e instrucións dos exercicios, etc.

A comprensión escrita se comproba mediante exercicios diversos: textos con ocos en branco, lecturas dramatizadas, establecemento de asociacións en función do sentido, verdadeiro/falso, tests, etc.

2. Expresión oral e escrita

a) Expresión oral:

A nosa metodoloxía pon en escena personaxes divertidas, curiosas, estrañas, interesantes ou próximas ao alumnado desta idade, as cales, aínda que ficticios, presentan unha consistencia e coherencia psicolóxicas no desenvolvemento das súas peripecias. Coma nas novelas, ou no cine, os alumnos identifícanse con estas personaxes e, baixo a protección que proporciona unha personalidade falsa, se desenvolven e practican en francés, adquirindo gradualmente unha competencia de comunicación oral que, máis tarde, poderán aplicar en situacións reais de comunicación. Situacións, por outro lado, que non descartamos, pero que centramos no que para o alumno é real agora, é dicir, a interacción cos demais compañeiros e o profesor.

b) Expresión escrita:

Nas primeiras etapas da aprendizaxe dunha lingua estranxeira, o usual é conceder prioridade á comunicación oral. No que á comunicación escrita respecta, se trata, sobre todo, de permitir aos alumnos familiarizarse con diversas tipoloxías de textos representativas de dita comunicación (chistes, adiviñas, tarxetas de visita, cartas, extractos de prensa, poemas, cancións, slogans, fichas de identificación, cómic),

pero sen lles pedir máis produción que a correspondente á realización de determinados proxectos (pósters, cuestionarios, xogos escritos destinados a ser lidos por outros, crucigramas, etc.).

A medida que a aprendizaxe progresa, o escrito adquire unha maior relevancia, as tipoloxías de textos se diversifican e comezan a abordarse situacións simuladas, primeiro, e reais, despois, de comunicación escrita: postais, cartas, toma de apuntes, pequenos artigos, etc.

3. As estratexias de aprendizaxe.

Actividades para facilitar a aprendizaxe da lingua. Son moi variadas e contribúen, indirectamente, a fomentar a motivación dos alumnos:

- Usar fórmulas feitas e acenos para compensar as propias limitacións.
- Organizar o aprendido (caderno persoal, léxico personalizado, ...).
- Realizar grande variedade de actividades lingüísticas individuais e interactivas.
- Recorrer a técnicas de aprendizaxe mais lúdicas: cancións, adiviñas, xogos, actividades plásticas, dramatizacións, ...
- Avaliar persoalmente o aprendido e o proceso de aprendizaxe, descubriendo aquelas estratexias máis útiles para cada un: ler, memorizar, escribir, debuxar, repetir, ...

4. Os hábitos socioculturais.

Actividades para informar ao alumno sobre hábitos da vida e valores propios dos países de fala francesa e outros. Algúns medios son:

- Comparar comportamentos estranxeiros cos do propio país.
- Detectar en prensa e literatura xuvenil algúns temas e valores da cultura estranxeira, e comparalos cos propios.
- Familiarizarse con lugares, nomes, datos históricos, símbolos e outros elementos representativos da cultura francesa.

Dende esta perspectiva, o papel do profesor é o de animador e constataador do proceso garantindo que todos os contidos aparezan no grao de complexidade pertinente en cada nivel.

1.5. Materiais e recursos didácticos

Para garantir a adquisición das cinco destrezas lingüísticas e traballar os catro bloques de contidos de acordo co currículo, organizamos a práctica pedagóxica a partir dos seguintes compoñentes:

1.5.1. 2º ESO:

- *Club Parachute 2 -livre de l'élève* (Editorial Santillana).
- *Club Parachute 2 -Cahier d'exercices* (Editorial Santillana) acompañado do CD
- *Livre du professeur interactif* acompañado de documentos varios (CDs para a clase, fichas de avaliación, fichas para atender a diversidade...)
- *DVDs* de documentos auténticos

1.5.2. 4º ESO:

- *Club Parachute 4 -livre de l'élève* (Editorial Santillana).
- *Club Parachute 4 -Cahier d'exercices* (Editorial Santillana) acompañado do CD
- *Livre du professeur interactif* acompañado de documentos varios (CDs para a clase, fichas de avaliación, fichas para atender a diversidade...)
- *DVDs* de documentos auténticos

1.5.3. 2º BAC:

- *C'est à dire ... A2 -livre de l'élève* (Editorial Santillana) en formato dixitalizado
- *C'est à dire ... A2 -Cahier d'exercices* (Editorial Santillana) acompañado do CD
- *Livre du professeur* acompañado de documentos varios (CDs para a clase, fichas de avaliación, fichas para atender a diversidade...)
- *CD-ROM* xestor de tests
- *DVDs* de documentos auténticos

1.6. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción

Partindo dunha avaliación inicial, levaremos a cabo unha avaliación formativa e motivadora.

Realizaranse probas tanto orais como escritas no que se avalíen as competencias adquiridas, relacionando ditas competencias cos contidos sintáctico-discursivos impartidos nas clases. Ao tratarse dunha lingua, os contidos irán acumulándose, sen poder olvidar o traballado anteriormente e avaliarase segundo o nivel cursado.

1.6.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

1.6.1.1. ESO

Realizaranse dous exames por avaliación, e ademais recolleranse traballos escritos e faranse probas de lectura e/ou audición.

Os exames constarán de:

- Preguntas sobre o léxico.
- Preguntas sobre a gramática.
- Comprensión dun ou varios textos.
- Probas de expresión escrita.

1.6.1.2. BACHARELATO

Realizaranse dous exames por avaliación, e ademais recolleranse traballos escritos, probas de verbos e faranse probas de lectura e/ou audición.

Os exames constarán de:

- Preguntas sobre o léxico.
- Preguntas sobre a gramática.
- Comprensión dun o varios textos.
- Probas de expresión escrita.

1.6.2. Criterios de cualificación

1.6.2.1. ESO

Non se farán probas de recuperación. Os contidos serán acumulativos. Realizaranse dous exames por trimestre, e ademais recolleranse traballos escritos e faranse probas de lectura e/ou audición, comprensión/expresión oral.

Para a cualificación de cada avaliación os exames contarán un 80%, os traballos escritos un 10% e as probas orais tamén un 10%.

Trala realización das probas da 3ª avaliación, unha vez calculada a media da avaliación ordinaria, seguindo os criterios establecidos na programación, os alumnos que teñan unha media inferior a 5, poderán realizar tarefas de recuperación. Estas actividades serán avaliadas e a nota resultante, se é igual ou superior a 5 garantirá a avaliación positiva do alumno ou alumna na avaliación ordinaria.

A nota final na avaliación ordinaria deste alumnado, será a resultante da media entre a a nota media das tres avaliacións (tal e como ven calculada na programación para a avaliación final ordinaria) e a nota das actividades de recuperación de contidos (garantido unha nota nunca inferior a 5 se alcanzou un 5 ou máis nas tarefas de recuperación).

1.6.2.2. BACHARELATO

Non se farán probas de recuperación. Os contidos serán acumulativos. Realizaranse dous exames por trimestre, e ademais recolleranse traballos escritos e faranse probas de lectura e/ou audición.

Para a cualificación de cada avaliación os exames contarán un 80%, os traballos escritos un 10% e as probas orais tamén un 10%.

Para a cualificación final ordinaria a nota da 1ª avaliación contará un 25%, a da 2ª avaliación tamén un 25% e a da 3ª avaliación un 50%.

1.6.3. Avaliación extraordinaria

Na avaliación extraordinaria de 2º de Bacharelato o alumnado terá que examinarse dos contidos dados ao longo do curso escolar e terá que acadar como mínimo un 5 para superar a materia.

A estrutura do exame será semellante á dos exames realizados durante o curso.

1.7. Seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente

Seguindo as intrucións dictadas no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

A realización dos boletíns de actividades supoñerá o 40% da cualificación de cada avaliación e as probas o 60%.

Se o alumno obtén un 5 como media aritmética dos dous parciais considerase que superou a materia.

No caso de non acadar un 5 de media, ten a posibilidade de realizar as actividades de recuperación de xuño.

1.8. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas

En 1º de ESO, ao ser o primeiro curso no que cursan esta materia, a avaliación inicial farase mediante a observación de posibles dificultades por parte do alumnado para establecer, se é necesario, as medidas adecuadas a cada caso.

No resto dos cursos, nos primeiros días de clase realizarase unha proba destinada a comprobar as competencias en comprensión e expresión oral e escrita que, xunto coa observación diaria na aula, permitiranos detectar carencias básicas para tomar as medidas oportunas na xunta avaliadora, durante as reunións de avaliación inicial.

1.9. Medidas de atención á diversidade

Segundo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022, no contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Segundo as pautas da ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, colaboraremos co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

Utilizaremos estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, e informaremos o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.

Consideraremos os principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.

Participaremos nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

Adaptaremos os tempos, os instrumentos e os procedementos de avaliación podendo considerarse a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario. Igualmente, o profesorado informará cada alumna e alumno sobre o seu desempeño nas tarefas de avaliación, para aproveitar o potencial de aprendizaxe que ten comparado o producido polo alumnado co agardado ou demandado polo profesorado.

Contribución ao Proxecto Lector

O obxectivo principal da nosa materia é o desenrolo das capacidades da linguaxe e da comunicación en lingua francesa; obxectivo que está directamente relacionado cos obxectivos do Plan Lector.

Así ao longo do curso realizamos actividades diversas dirixidas ao logro deses obxectivos:

- Lectura individual e silenciosa
- Lectura en voz alta con corrección por parte do profesor

Estas lecturas van seguidas dun traballo de comprensión :

- Aclaración de dúbidas
- Preguntas de comprensión
- Resumo do texto
- Redacción a partir do tema tratado
- Discusión a partir do tema tratado

Para a realización desas actividades partiremos de fontes moi diversas como poden ser: :

1.Documentos escritos:

- fragmentos de textos literarios, tanto en prosa como en verso
- textos periodísticos
- cómics
- diálogos en “situacións reais”
- anuncios publicitarios
- documentos varios baixados de internet

2. Documentos orais:

- diálogos gravados
- cancións

Ademais, participamos no Proxecto Lector do Centro a través da actividade “ Hora de ler”

Contribución ao Plan de Integración das TICs

Dando que o noso centro está no Proxecto Edixgal é evidente que utilizamos as Tics acotío nas nosas actividades, facendo uso dos diversos medios dos que dispoñemos: portátiles dos alumnos, pizarra dixital, libro dixitalizado.

O departamento colabora na integración das Tics usando diferentes instrumentos: Internet, procesadores de texto para a elaboración dos traballos, programas de presentación (power point...), editores gráficos para o tratamento das imaxes ...

Usaremos estes medios principalmente nas actividades seguintes: busca de información nas páxinas web citadas no libro de texto, escoita de cancións, visionado de vídeos, atlas dixitais google earth et google maps para a localización de lugares mencionados nas actividades...

1.10. Actividades complementarias e extraescolares

Este curso, temos previsto solicitar a participación do centro nun intercambio escolar con Francia, que podería ser un dos seguintes:

- **Intercambio de alumnado de Centros Educativos de Galicia y de la Région Académique Bretagne:** <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/37576>

- **Programa GALIMIENS de intercambio de alumnado:** <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/37430>

1.11. Acreditación de coñecementos previos

Segundo a lexislación vixente, o alumnado de 2º de BAC poderá matricularse en Francés II sen ter cursado Francés I sempre que o profesorado que imparta a materia de Francés II considere que reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. Para iso, o profesor ou profesora que imparte segundo realizaralle, antes da primeira avaliación, unha proba escrita para comprobar que reúne os requisitos necesarios. No caso de que a avaliación nesa proba fose negativa, a materia de Francés I terá a consideración de materia pendente.

2. Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente. Avaliación da programación

Avaliase a través do documento [MD75010104 Avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente](#) que todos os membros do Departamento cobren e que é obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores e nas CCP. Nel establécense os criterios de análise e os indicadores de logro.

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES As Telleiras para avaliar a programación son os seguintes:

1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Os indicadores de logro para estes aspectos fan referencia ao éxito académico acadado polo alumnado (porcentaxe de aprobados). Establécese na ESO un mínimo do 75% e en BACHARELATO un 50%. Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

3. Información ás familias

Co obxecto de facilitar o coñecemento das Programacións Didácticas, elaboradas por cada un dos Departamentos do IES As Telleiras, ao conxunto da comunidade educativa e en particular ao alumnado e ás súas familias, o centro pon a disposición da mesma as seguintes opcións:

1. Como documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA), todas as Programacións dos Departamentos Didácticos están a disposición do alumnado e das persoas ás que lles corresponda a súa titoría legal na Secretaría do Centro.

2. Asemade todas as programacións son publicadas na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras/>

A presentación de materia, segundo o modelo MD75010105, na que se recollen os aspectos máis destacados da programación tales como os contidos temporalizados por avaliacións así como os materiais e instrumentos de avaliación por nivel e materia, estarán publicados na páxina web do centro.